



ENTROIDO DE MORMENTELOS

O ENTROIDO QUE COÑECEREMOS ESTE ANO
É O ENTROIDO DE MORMENTELOS.



MORMENTELOS É UNHA PARROQUIA QUE
ESTÁ NO CONCELLO DE VILARIÑO DE
CONSO QUE Á SÚA VEZ PERTENCE Á
COMARCA DE VIANA.



EXISTEN VARIAS FIGURAS DENTRO DO
FOLIÓN DE MORMENTELOS.

A BOTEIRA



AS MÚSICAS, QUE TOCAN BOMBOS E
TAMÉN FERRAMENTAS
RELACIONADAS CO TRABALLO DE
CAMPO.



OUTRAS COSTUMES DO ENTROIDO DE MORMENTELOS

AS LARDEIRAS E OS LARDEIROS:

SON BONECAS ELABORADAS POLAS CRIANZAS. TEÑEN UNHA ESTRUCTURA DE CARTÓN OU MADEIRA E VÍSTENSE CON PAPEIS DE CORES . CANDO ESTÁN REMATADAS AS NENAS E NENOS CORREN UNHAS DETRÁS DOS OUTROS PARA INTENTAR QUITARLLES AS SÚAS LARDEIRAS.



OUTRA MODALIDADE DE LARDEIRAS
OU LARDEIROS SON OS BONECOS QUE
SE VISTEN CON ROUPA DE PERSOAS
DO LUGAR. COLÓCANSE NUN LUGAR
MOI ALTO. ANTES DE QUE SAIA O SOL
A PERSOA DONA DA ROUPA TEN QUE
TENTAR RECUPERAR A SÚA ROUPA, SE
NON O CONSEGUE AO DÍA SEGUINTE
OS BOMBOS IRÁN TOCAR DIANTE DA
SÚA CASA



AS BOMBAS

O ENTROIDO É UNHA CELEBRACIÓN NA QUE SE DESPIDE O INVERNO E SE PREPARA A CHEGADA DA PRIMAVERA. NESTAS FESTAS É MOI IMPORTANTE XUNTARSE COA VECIÑANZA PARA CELEBRAR.

EN MORMENTELOS E CASTIÑEIRAS , DÚAS ALDEAS ACHEGADAS, A VECIÑANZA XÚNTASE PARA CEAR E IMPROVISAR. CANDO REMATAN COMEZAN A SOAR AS CHOCAIAS E ALGUNHA DAS PERSOAS BERRA:

BOMBAAA!

TODA A XENTE AGARDA EN SILENCIO E UNHA PERSOA EN REPRESENTACIÓN DUN GRUPO SOLTA UNHA COPLA:

**ESAS QUE ESTADES NO FONDO
COA BOCA DE RISA CHEA
COMEZADE A PENSARE
COMEZA O XOGO DA VERBA.**



AS PERSOAS DO FONDO XÚNTANSE
PARA COMPOÑER UNHA COPLA E
CANDO A TEÑEN UNHA PERSOA
REPRESENTANTE BERRA:

BOMBAAA!

TODA A XENTE AGARDA ...



**VÓS OS DO BANDULLO CHEO
PREPARADE O CHOCOLATE
A NOITE PARECE LONGA
ISTO HOXE NON TEN REMATE.**

AS BOMBAS AO IGUAL QUE AS REGUEIFAS
SON COPLAS DE CATRO VERSOS
OCTOSÍLABOS, QUE RIMAN O SEGUNDO
CO CUARTO.

É MOI IMPORTANTE QUE AS COPLAS
SEXAN RESPECTUOSAS E SIMPÁTICAS,
CON RETRANCA. UNHA FESTA É
DIVERTIDA CANDO TODAS AS PERSOAS SE
DIVIRTEN.



SERÁS QUEN DE
ATOPAR NOS MAPAS
A COMARCA E O
CONCELLO AO QUE
PERTENCE
MORMENTELOS?



OBSERVA ATENTAMENTE O VIDEO QUE
APARECE NESTE CÓDIGO.



1. QUE INSTRUMENTOS DOS QUE TOCAN
PENSAS QUE SE PODEN UTILIZAR NAS
LABORES DO CAMPO?
2. TODAS AS FIGURAS DE ENTROIDO TEÑEN
UN XEITO DE COMPORTARSE. CADA UNHA
POSÚE UNS XESTOS TÍPICOS... CAL DIRÍAS
TI QUE É O XEITO TÍPICO DE COMPORTARSE
DA BOTEIRA DE MORMENTELOS?
3. POR QUE CRES QUE SE COMPORTA ASÍ?



PARTES DO TRAXE DUNHA BOTEIRA



PUCHO

BASTÓN

PANTALÓN

MANTÓN

CAMISA

POLAINAS

CHOCALAS

ELABORA A TÚA PROPIA SOPA DE LETRAS
CON PALABRAS RELACIONADAS CO
ENTROIDO DE MORMENTELOS.
INTERCAMBIA COS COMPAÑEIROS E
COMPAÑEIRAS.

_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

EXISTEN BOTEIRAS EN DIFERENTES
LUGARES DE GALIZA, INVESTIGA A
PROCEDENCIA DAS QUE APARECEN NA
IMAXE. LOCALÍZAAS NUN MAPA.



OUTRAS PROPOSTAS

- FACEDE VARIOS GRUPOS DENTRO DA AULA E XOGADE A FACER BOMBAS.
- CONSTRUÍDE LARDEIRAS E LARDEIROS CON CARTÓN E PAPEIS . XOGADE CON ELAS NO TEMPO DE LECER.
- DESEÑA UNHA FIGURA DE ENTROIDO INVENTADA POR TI, PONLLE NOME E, DESCRIBE COMO SE COMPORTARÍA

